

Acta da Reunión da Xunta de Facultade celebrada o 6 de febreiro de 2013

Asistentes:

Pita Grandal, Ana María
Allegue Aguete, Pilar
Rodríguez Domínguez, M^a del Mar
Valcárcel Fernández, Patricia
Martínez Yáñez, Nora
Muleiro Parada, Luis

Aneiros Pereira, Jaime
Arias Marínez, M^a Antonia
Barahona Martín, Magdalena
Bergareche Gros, Almudena
Bouso Cedrón, Pedro
Bruna Quintas, M^a Cristina
Caballero Fernández, Gloria
Domínguez Rubira, Carmen
Fernández Acevedo, Rafael
Fernández Carballo-Calero, Pablo
Fernández Docampo, Belén
Del Río Otero, Coral
García Gestoso, Noemi
García Mosquera, Marta
González Pillado, Esther
Grande Seara, Pablo
Ibáñez Paz, Regina
Manzano González, Baltasar
Mariño de Andrés, Ángel M.
Martínez Hens, Helena
Martínez Táboas, Teresa
Montero Muñoz, María
Orge Míguez, José Carlos
Rodríguez Rodríguez, Emma
Ruiz Hidalgo, Carmen
Trigo Pérez, Pilar
Vicente Remesal, Javier de

Barreiro Carril, M^a Cruz
Estévez Abeleira, Teresa

Rivas Raña, Manuel
Senra Francisco, Lorena del Carmen

Salgado André, Elena

Iglesias Prado, Elena
López Prieto, M^a Nieves
Rivas Suanzes, M^a Fernanda
Vázquez Escudero, Antonio José
Zas Varela, Mónica

Iníciase a reunión sendo as 12.50 h. coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (acta da reunión do 18 de decembro de 2012)
2. Informes da Decana
3. Aprobación, se procede, da distribución da Carga Docente Básica nos Masters de Acceso á Avogacía vinculados á Facultade
4. Aprobación, se procede, de diversos aspectos relativos ao límite de prazas nas titulacións impartidas nos centros para o curso académico 2013/2014.
5. Aprobación, se procede, da proposta de PDA dos Graos en Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos (incluído o Curso complementario) para o curso académico 2013/2014.
6. Aprobación, se procede, de recoñecemento de créditos de Libre Elección e Créditos ECTS pola realización dun curso de formación presentado pola Área de Dereito Constitucional.
7. Rogos e preguntas

Miembro honorífico del Claustro

A Decana excusa a asistencia dos seguintes membros da Xunta: Amparo Rodríguez Damián; M^a Dolores, Ferrero Martínez; Isaac Borja Araujo Figueroa; Lucía Núñez Martínez e Carina Estévez Fernández

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (acta da reunión do 18 de decembro de 2012)

Sométese a aprobación a acta da reunión anterior. Apróbase por asentimento.

2. Informes da Decana

A Decana Informa do avance de diversas obras que se están levando a cabo na Facultade

3. Aprobación, se procede, da distribución da Carga Docente Básica nos Masters de Acceso á Avogacía vinculados á Facultade

A Decana indica que ao enviar o reparto da CDB ao rectorado se acompañará un recordatotoio indicando que o Master da Avogacía impartido en Vigo duplícase o vindeiro curso académico.

Apróbbase por asentimento a proposta de reparto enviada aos membros da Xunta tal como consta no Anexo I desta acta.

4. Aprobación, se procede, de diversos aspectos relativos ao límite de prazas nas titulacións impartidas nos centros para o curso académico 2013/2014.

Apróbanse por asentimento os seguintes límites de prazas:

Límite de prazas:

- a) Grao en Dereito: 80 (número indicado na Memoria do Grao)
- b) Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos: 80 (número indicado na Memoria do Grao)

Límite de prazas por traslado:

- a) Grao en Dereito intercampus con Dereito de Ourense: 10
- b) Grao en Dereito: 5

c) Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos: 5

5. Aprobación, se procede, da proposta de PDA dos Graos en Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos (incluído o Curso complementario) para o curso académico 2013/2014.

A Decana explica a razón de ser da proposta enviada.

A Profesora Marta García Mosquera pregunta por qué non se propón unha PDA con un TMG de 35 alumnos, que é o TMG que se lle aplica a este Centro.

O profesor Javier de Vivente Remesal apunta que habería que intentar non perder ningunha hora.

A Decana explica que o TMG de 35 alumnos é unha referencia á que o Centro ten que tender, pero o TMG resultante da distribución de horas e grupos non ten que ser exactamente de 35. Explica que a proposta respeta a tendencia a 35 pero isto se conxuga con unha organización da docencia que parece máis racional.

O Profesor Jaime Cabeza Pereiro intervén para indicar o que xa expresou noutros foros acerca de que o sistema de atribución de horas perxudica a Centros como o noso. En todo caso, considera que pola súa experiencia debería incrementarse o número de grupos prácticos particularmente nas materias de Dereito positivo. Expresa que lle parece relevante tender a un sistema que aposte pola racionalidade, e por tal motivo apoiou a subida de porcentaxe de horas teóricas para que aínda que houbose menos horas prácticas éstas se impartisen en grupos máis pequenos. Neste senso considera que é preferible non ter un TMG exacto de 35 en favor dunha mellor organización da docencia.

O Profesor Orge Míguez, manifesta que polo que se refire á PDA do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, da reunión mantida para preparar esta Xunta entendeu que había datos que tiñan que aclararse e esperaba que desde o decanato se houbose enviado esta información antes desta reunión.

O Profesor Javier de Vivente Remesal aclara que a intervención da Profesora Marta García Mosquera ía na línea de aclarar se cun TMG de 35 se podían aproveitar mellor as horas que hai que repartir.

O Profesor Pablo Grande Seara pregunta se esta proposta foi coordinada coa Facultade de Dereito de Ourense. Entende que podería ser relevante dado que en breve haberá que acreditar a titulación.

A Decana explica que non cree que esto chegue a ter incidencia na acreditación. Sen embargo, sí que está prevista na Memoria do Grao a coordinación entre os dous centros. Neste senso quere deixar claro que sempre que houbo calquera intento para buscar una coordinación a iniciativa partiu deste Centro. A semana pasada chamou ao Decano de Ourense para plantexarlle a conveniencia de falar deste tema antes de que se celebrasen as Xuntas respectivas. O Decano díxolle que antes de concretarlle algo tiña que reunirse previamente co seu equipo e que logo a chamaría. E a chamou, pero cando a Xunta de Facultade de Ourense xa había aprobado unha distribución de PDA. Polo tanto, este ano, xa non hai posibilidade de coordinar nada.

Na proposta de PDA do Grao de RRLC estúdase incrementar de un a dous os grupos A en primeiro, e duplicar so unha materia optativa, a de “Auditorías Sociolaborais”.

Sométense a votación as propostas de PDA –a de Relacións Laborais coas modificación explicada-. Acádanse os seguintes resultados:

PDA do Grao en Dereito

Votos a favor: 22

Votos en contra: 0

Abstencións: 8

PDA do Grao en RRLC e RRHH

Votos a favor: 27

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

Apróbanse as PDA por maioría tal como se reflicte no Anexo II desta acta

A Decana informa que tendo en conta as PDA aprobadas será bastante complicado organizar os horarios e haberá que ter clases de luns a venres. Anuncia que se convocará a un representante por materia para tratar a elaboración dos horarios, que en principio se aprobarán antes de que se aprobé o POD. Se intentará que as primeiras semanas de curso haxa teoría e só despois se combine a impartición de clases teóricas e prácticas. Pero hai que estudar aínda as posibilidades.

A Profesora Martínez Hens expresa a súa preocupación sobre que se elaboren

os horarios antes do POD. Considerando as circunstancias especiais do vindeiro curso académico entende pode plantexar excesivos problemas e mesmo ao final pode non ser útil.

A Decana indica que pode que teña razón, pero que en todo caso primeiro hai que estudar as posibilidades de horarios que podemos baraxar.

6. Aprobación, se procede, de recoñecemento de créditos de Libre Elección e Créditos ECTS pola realización dun curso de formación presentado pola Área de Dereito Constitucional

Acordase por asentimento recoñecer dous créditos de libre elección e un crédito ECTS aos alumnos que participen nas “X Xornadas Sociedade e Dereito sobre Cuestións actuais da Xustiza en España” que se celebrarán os días 2,3,4,9,11 e 12 de abril de 2013 (37 horas) e se organizan pola Área de Dereito Constitucional.

7. Rogos e preguntas

Pide a palabra a profesora Carmen Ruiz que como coordinadora do Grao en Dereito expresa que lle resulta moi difícil atender adecuadamente a súa labor se non hai receptividade por parte do profesorado. Explica que hai profesores que non acudiron ás reunións de coordinación convocadas sen dar explicacións pola súa ausencia e que hai xente que tampouco enviou os cronogramas das materias que imparte.

A Decana indica que o que se pode facer é enviar un correo desde o Decanato recordando cales son as funcións da Coordinación de Grao.

Pide a Palabra a Profesora Marta García Mosquera para plantexar un rogo: que se tomen as medidas precisas para que deixe de recaer no persoal docente a tarefa de abrir e cerrar as aulas. Entende que isto supón una merma do tempo de docencia e ademáis o profesorado se convirte en garante da integridade dos bens da aula. Considera que isto non se corresponde co labor do profesorado.

Debátese sobre este tema e a Decana indica que verá como se pode arranxar a situación.

A Profesora Almudena Bergareche pide a palabra para expresar que se sentiu aludida dúas veces nesta Xunta e aínda que no seu momento pediu a palabra

non se lle deu pola mesa. A primeira vez na que se sentiu aludida foi cando a Decana indicou que houbo profesores que non acudiron á reunión para tratar a organización da PDA. A segunda coa intervención da Profesora Carmen Ruiz. Ao respecto quere dicir que non foi á reunión informativa sobre a PDA porque tiña clases a esa mesma hora, co agravante de que na súa área so hai dúas persoas que poderían asistir. Isto, aclara, non ten que ver con que esté dacordo con facer os grupos máis pequenos. Polo que se refire á intervención da profesora Carmen Ruiz dí que non presentou o cronograma e que non o vai a presentar. Expresa que se considera incapaz de facer unha avaliación continúa con máis de 100 alumnos na aula, polo que so fará examen final.

Non habendo máis rogos e preguntas, levántase a reunión sendo as 15.15 horas